

JUANRA MADARIAGA

eSPedición

O peso da montaña

Traducido por Isaac Xubín



Hugin e Munin

Houbo unha vez que me perdín.

Non lembro ben cal era a cidade, nin cantos anos tiña con exactitude. Quizais uns doce.

Eu ía de lousa en lousa, dando chimpos e sen erguer a cabeza. Seica os meus pais, que discutían, quedaron mirando un escaparate e eu continuei o meu camiño, de lousa en lousa, unha vermella e a outra branca, dando chimpos.

De súpeto, sentínme nun mundo alleo, non era o meu. Porén, non se acendeu ningún sinal de alarma na miña cabeza.

Lembraba o nome da pensión na que nos aloxabamos; pregunteille á primeira muller coa que me crucei que lle imitaba á miña nai onde quedaba a pensión Aneto.

—Estás perdido?

Seica tiña cara de estar perdido.

—Non —contestei lacónico.

Percorrín a xeometría da cidade cara ao lugar onde me indicara a muller anónima. Aneto, velaí estaba. E fiqui na porta a esperar polos meus pais.

Cando apareceron, dei en tremer coa carreira que botou a miña nai nos últimos metros. Até entón nunca a vira botar a correr. O meu pai sempre se movía máis amodo.

Primeiro apertoume moi forte e despois renunciou ás palabras de linchamento.

—Perdícheste? —ela tamén.

—Non —asegundei.

Dende entón nunca me perdo en ningures; no sentido máis explícito que ten o verbo *perder*; é dicir, que non me importa onde estou.

Non sei como me podo perder.

Naquela época, pola contra, perdín a cabeza por un instante.

Aconteceume unha noite que tiven febre. Ao principio espertei do sono enchoupado en suor. Estaba na escuridade do cuarto.

A escuridade semelloume a cúpula celestial.

Deseguida pensei que acababa o mundo. Despois de que desapareza a terra... sen outra cousa..., que será de min.

Se morrían os meus pais e non tiña posibilidade de sobrevivir naquel infinito negro, todo sería como un baleiro, o nada.

Asimilei o concepto do nada, de golpe.

Neste intre de claustrofobia comecei a chamar pola miña nai, que volvese, por favor, que volvese.

Apertoume con forza, de novo.

—Non quero que morrades —dixen entre bágoas.

—Non morreremos, meu ben.

Morreron. Sen envellecer. As perdas comezaron dende aquela. Diferentes.

Ás veces soño con aquela muller que lle imitaba á miña nai. A miña nai pregúntalle onde estou, e eu, dende un espazo difícil de definir, diante da escena, respondo a berros: «Aquí, aquí».

Sentín claustrofobia na meirande parte dos lugares escuros. E a esta fobia engadíasele a criptofobia; non aturo os lugares estreitos e pequenos.